

RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN CON REFERENCIA 2019/CP/001, PARA UN COLABORADOR NAS TAREFAS DO CAMPUS INDUSTRIAL (CATEGORÍA TÉCNICO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN), CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 10 DE XANEIRO DE 2019

De acordo coa acta do órgano de selección da convocatoria de contratación con referencia 2019/CP/001, para un colaborador nas tarefas do Campus Industrial, publícase esta resolución:

O 10 de xaneiro de 2019, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria das bases reitoras para a selección e contratación laboral dun técnico de apoio á investigación a tempo completo (Ref. 2019/CP/001), destinado a colaborar no desenvolvemento dunha aplicación web para a xestión de estatísticas.

1. O órgano de selección constituíuse na sala de reunións da Reitoría o día 22 de xaneiro de 2019.
2. O Órgano de Selección estivo formado polos seguintes membros:
 - D. Domingo Calvo Dopico, vicerreitor de Economía, Infraestructuras e Sustentabilidade e coordinador do convenio, presidente
 - D. Salvador Naya Fernández, vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, vogal
 - D.^a María José Lombardía, directora da AXD, secretaria.
3. Tras o estudo e valoración das solicitudes presentadas o órgano de selección decide facer a proposta de adxudicación para a contratación laboral, por parte do Servizo de Investigación e da Xerencia da UDC, da solicitante que acadou unha maior puntuación:

MONICA MIGUELEZ DIAZ

O órgano de selección decide publicar esta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, outorgando ata o 30 de xaneiro de 2019 para presentar reclamacións contra esta resolución ante o vicerreitor de Economía, Infraestructuras e Sustentabilidade da Universidade da Coruña, sen prexuízo doutros recursos administrativos que se poidan presentar.

Ferrol, 22 de xaneiro de 2019

A secretaria do Órgano de Selección

María José Lombardía

V.^o e pr.
O presidente do Órgano de Selección

Domingo Calvo Dopico